



Gastroblogger II Encontro Salimat Abanca

Feira internacional de Galicia ABANCA, 11 xuño 2016

O Salón de Alimentación do Atlántico, Salimat Abanca, celebra do 9 ao 12 de xuño a súa vixésima edición como punto de encontro da alimentación e a gastronomía galegas.

Con motivo deste aniversario, dende a organización estamos deseñando un completo programa de actividades no cal queremos dar un espazo protagonista ao Encontro Gastroblogger Salimat Abanca na que será a súa segunda convocatoria.

Así pois, queremos convidarte a participar neste II Encontro, que terá lugar o día 11 de xuño, e podemos ofrecerche un avance da súa programación:

Alinova, para sorprenderse

Percorreremos o espazo de produtos innovadores do salón, Alinova, e presentáremos os numerosos alimentos de gran singularidade que se exponen nel. A continuación visitaremos os stands dalgunhas das novidades máis destacadas para a súa degustación.



PescadeRías, cos cinco sentidos

Panel de Avaliación Sensorial

Sábado 11 de xuño ás 13:30 horas
na Aula de Catas da Consellería do Mar

Convidámosvos a formar parte dun panel de avaliación sensorial de produtos certificados polo selo de calidade pescadeRías, de onde se non?

Da man da Dra. Maruxa García Quiroga, Enxeñeira e Tecnóloga de Alimentos, e de Kike Piñeiro, cociñeiro de A Horta do Obradoiro, realizaremos unha cata sensorial e valoración de tres produtos emblemáticos da nosa gastronomía: un peixe, un bivalvo e un cefalópodo.



Coñecendo as razas autóctonas galegas en perigo de extinción

Queremos que coñezades as razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción. Por iso, convidámosvos á degustación dun menú elaborado a base de produtos destas razas. Previamente un profesional deste ámbito ofrecerá unha explicación respecto ás mesmas e aos pratos elaborados con elas.



Showcooking, ver e desfrutar

Asistiremos a algún dos atractivos showcookings que se celebrarán no marco do salón



A estas propostas sumaranse algunhas outras que estamos xestionando, e que vos detallaremos proximamente xunto con todos os horarios do programa.

¡Esperámoste no II Encontro Gastroblogger Salimat Abanca!



SALIMAT ABANCA

20º Salón de Alimentación do Atlántico

www.salimat.es

www.facebook.com/Feriasalimat

Feira Internacional de Galicia ABANCA